




# SERRA DE ENCIÑA DA LASTRA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 12 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 5 horas



Unha ruta pola serra de Enciña da Lastra para contemplar fermosas paisaxes da serra e do canón do Sil e gozar coa diversidade vexetal e animal. Ideal para facer en primavera, antes de que a calor se faga moi molesta.

A serra de Enciña da Lastra é un Parque Natural situado no concello de Rubiá, facendo linde, nos cumes, con Zamora. O espazo protexido (3.151 ha) abrangue a Serra da Lastra e parte do val do Sil na zona de Covas. Está declarado tamén Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), e LIC (unha área máis ampla).

É unha área de transición entre as Rexións Eurosiberiana e Mediterránea. As grandes diferencias de altura (entre 1.112 m nas serras e 400 m no val do Sil), xunto coa composición das rochas (maioritariamente calcarias), dan lugar a ambientes e ecosistemas moi diferentes e de gran interese: mediterráneo seco, na parte baixa das ladeiras, e centroeuropeo frío e húmido nas partes altas, onde se asenta unha diversidade vexetal sobresaínte con presenza de moitas especies únicas. Neste espazo hai 69 especies de plantas consideradas moi raras en Galicia e unha gran variedade de fauna, hai censadas máis de 160 especies de vertebrados. Destaca a presenza de nove especies de morcegos e cen especies de aves, entre as que sobresaen as aves de rapina da serra e as acuáticas do encoro de Penarrubia.

Un dos maiores intereses desta ruta reside na observación da diversidade vexetal que podemos ir atopando a cada paso do camiño e, máis raramente, de animais, sobre todo insectos, aves e réptiles.

## COMO CHEGAR

Hai que ir a Biobra, desde Rubiá ou polo desvío da estrada de Valdeorras a Ponferrada. Alí podemos achegarnos ás instalacións do Parque para recoller información e deixar o vehículo para comezar a ruta que está indicada na súa maior parte.

Subimos ao miradoiro do Penedón, desde onde se pode ver a outra banda da serra e o comezo do canón do Sil no Estreito. Volvemos un pouco atrás e collemos un carreiro que atravesa polo bosque de aciñeiras e vai saír ao camiño de Biobra a Oulego. Continuamos ata achegarnos o máis posible aos Penedos de Oulego, seguindo os camiños de arriba, e alí damos volta para regresar a Biobra, polo mesmo camiño ou por outro de máis abaixo.



A ruta polo interior do aciñeiral



*Ophrys scolopax*. En Enciña da Lastra atópanse 25 especies de orquídeas, a maior variedade de Galicia.





Penedos de Oulego desde a Cruz do Lamazal



Oulego e a serra da Agulla desde a Cruz do Lamazal



Os Penedos desde O Real, no camiño de Rubiá a Biobra





Vista desde o Mirador do Penedón cara ao Leste



Froitos de *Tragopogon* unha planta que medra á beira dos camiños e só abre as flores pola mañá



*Leuzea conifera*. Ten o seu límite de distribución nas calcarias de Valdeorras.



*Issoria lathonia* sobre flores de sedum



*Lathyrus latifolius*. Esta leguminosa gabeadora só se atopa nas zonas de clima mediterráneo.